A QUEN VAI DIRIXIDA?

En xeral, diríxese a quen desexe adquirir coñecementos básicos do mundo económico, a través da análise da actualidade económica, utilizando as tecnoloxías da información e comunicación e consultando as principais fontes de información económica a través da Internet.

É **moi recomendable** o estudo da materia pola formación básica que proporciona para aqueles/as alumnos/as que estean interesados nalgúns dos seguintes estudos:

Graos universitarios:

- Administración e Dirección de Empresas (ADE).
- Ciencia e Enxeñaría de Datos.
- Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- Ciencias da Cultura e Difusión Cultural.
- Ciencias Empresariais.
- Ciencia Política e da Administración.
- Comercio.
- Comunicación Audiovisual.
- Creación Dixital, Animación e Videoxogos.
- Dereito.
- Dirección e Xestión Pública.
- Economía.
- Empresa e Tecnoloxía.
- Enxeñaría en Deseño Industrial.
- Enxeñaría Forestal.
- Enxeñaría Forestal e do Medio Natural.
- Publicidade e Relación públicas.
- Relacións laborais e RRHH.
- Socioloxía.
- Traballo Social.
- Turismo.
- Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Xestión Industrial da Moda.
- Xornalismo.

A continuación outros **Graos universitarios** para os que tamén é interesante ter cursado a materia:

- Arquitectura técnica.
- Criminoloxía.
- Enxeñarías: todas
- Historia.
- Historia da Arte.
- Náutica e Transporte Marítimo
- Paisaxe.
- Robótica.
- Tecnoloxía da Enxeñaría Civil.
- Tecnoloxías Mariñas.
- Xeografía e Historia.
- Xestión Dixital da Información e Documentación.

Estudos de formación profesional:

Familias profesionais de:

- Administración e Xestión.
- Comercio e Márketing.
- Hostalaría e Turismo.

ECONOMÍA

TO ECO

PRIMEIRO BACHARELATO

A Economía ocupa na actualidade un importante espazo de interese público, de tal sorte que moitos indicadores económicos como o paro, a inflación, o PIB, o déficit público, a prima de risco, etc. espertan unha atención permanente dos medios de comunicación. A importancia destes asuntos e a forma tan directa na que nos afectan xera unha crecente demanda de información e formación acerca de decisións e situacións económicas nas que nos sentimos implicados: a xeración de emprego, a determinación dos prezos dos bens e servizos no mercado, as causas da inflación e a deflación e as súas negativas consecuencias, como e en que contía se crea o diñeiro, como se pode propiciar o crecemento e o desenvolvemento económico, como facer compatible o desenvolvemento económico e o benestar colectivo co respecto ao medio ambiente, etc. Estes e outros moitos exemplos ilustran a necesidade dunha formación económica como base imprescindible para poder comprender, participar e tomar decisións nun mundo globalizado como o actual no que os fenómenos económicos adquiren unha presenza cada vez maior e para ter unha visión máis ampla da sociedade e unha actitude máis crítica ante as inxustizas e desigualdades económicas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

OBXECTIVOS:

- ✔ Identificar e comprender o ciclo da actividade económica.
- ✔ Distinguir os diferentes sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
- ✔ Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema e os acontecementos sociais.
- ✔ Describir o funcionamento dos mercados e os seus límites, utilizando ferramentas conceptuais, analíticas e gráficas, e formulando un xuízo crítico do sistema e do papel regulador do sector público.
- ✔ Reflexionar de xeito crítico acerca do funcionamento do sistema financeiro e da necesidade da súa regulación.
- ✔ Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas, a sobreexplotación de recursos naturais e os derivados da globalización da actividade económica.
- ✔ Relacionar feitos económicos significativos co seu contexto social, político e cultural e natural aplicando a reflexión ás situacións cotiás, formulando xuízos de valor fundamentados.
- ✔ Coñecer e comprender os trazos característicos da situación e perspectivas da economía española e de Galicia, analizando os efectos da súa integración ou participación no contexto económico internacional, e no europeo en particular.

IES David Buján
Cambre

RESUME DE CONTIDOS:

- Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica.
- Bloque 2. A actividade produtiva.
- Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos.
- Bloque 4. A macroeconomía.
- Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía.
- Bloque 6. O contexto internacional da economía.
- Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema de presentación baseado principalmente na análise da economía como ciencia, no papel dos axentes económicos e no funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos. Estrutúrase en sete bloques: no primeiro abórdase a o principal problema orixe da ciencia económica, a economía e a escaseza, continuando coa organización da actividade económica para estudar a estrutura dos sistemas económicos; nun segundo bloque ("A actividade produtiva") descríbese a produción como principal actividade económica; no terceiro ("O mercado e o sistema de prezos") repásase a principal institución na fixación de prezos e asignación de recursos; o seguinte bloque ("A macroeconomía") céntrase na medición da actividade económica e no estudo do mercado de traballo; no quinto ("Aspectos financeiros da economía") faise un repaso da vertente financeira da actividade económica; o sexto ("O contexto internacional da economía") aborda a análise do sector exterior e dos fenómenos de integración económica e globalización; e, finalmente, no bloque titulado "Desequilibrios económicos e o papel do Estado na económica", reflexiónase sobre o carácter cíclico da actividade económica e o papel do Estado para mitigar e corrixir os desequilibrios xurdidos do funcionamento económico.